



CARTA A UNHA NAI

levala a outra cidade e outro instituto, e non se equivocaba, era por iso. Cando Inma decidiu volver pediulles perdón e díxolles por que o fixera, súa nai díxolle que non a ían levar a ningún lado, pero coa condición de que se portase ben, ela dixo que si, pero non foi así, tranquila pasou uns catro días, despois deses todo volveu ser coma antes, non estudaba, facíalles bromas aos profesores e aos alumnos iso si coa axuda do seu grupiño.

Seus pais non daban crédito ao que vían, ela díxeralles que se ía portar ben, e estaba facendo todo o contrario; seus pais xa non esperaban un cambio total, pero para mellor si, e polo contrario o comportamento foi a peor; cada vez as bromas eran máis pesadas e máis alarmantes. Todo seguiu así ata finais de curso sendo bromista e pouco estudiosa, por non dicir nada. Cando chegou o final de curso, déronlle as notas e tiña case todo suspenso e nin se alegraba nin se decepcionaba, seus pais tampouco fixeron ningunha das dúas cousas, eles sabía que as ía ter que recuperar en setembro.

Pasado o mes de xuño, seus pais mandáronlle estudar para recuperar, ela dixo que non, entón seus pais para chantaxeala, se se lle pode chamar así, díxéronlle que se non aprobaba ía ter que repetir e non ía poder ir na mesma clase que Ana e Matías. Púxose a estudar, aprobou e deuse conta de que tiña que aprobar se non quería suspender e afastarse dos seus amigos, e o que fixo de aí en diante foi seguir sendo bromista pero estudando para aprobar.

SILVIA GARCÍA CASTRO, S3B



A ti, muller, que o es dos pés á cabeza, quero dicirte nos versos deste sinxelo poema que pertences ao grupo das mulleres perfectas se sabes iluminar coa luz da túa mirada os lugares máis escuros que atopas por onde pasas.

NON O DUBIDES NUNCA: ES UNHA GRAN PERSOA

Se sabes dar os sorrisos e os beixos da túa boca,
se sabes acariñar coas túas mans o que tocas
e ao mesmo tempo prestalas cando outro ser cho pide,
non dubides nunca en saber que es unha gran persoa.
E, se ademais de ser isto, te convertiches en nai dos que te
queren e adoran...
De nacer muller podes estar orgullosa,
porque estás levando a cabo as tarefas máis fermosas.
Poden chamarche muller e poden chamarche nai co ton
máis solemne,
porque nai... é o máis grande.

GLORIA CORRAL CEA, S3A

POEMA

Sempre fuches para min un amor prohibido
algo intocable, demasiado perfecto...
Que loucuras as da miña cabeza !
Pasaron un, dous, tres e incluso catro meses
e aínda sinto que te teño no meu corazón,
fuches e serás o rapaz do que me namorei
cando soamente te coñecía a simple vista,
pero agora penso que non perdín o tempo,
porque sempre che dixen o que para min significabas...
e a estas alturas non é demasiado tarde!
no meu corazón sempre haberá un oco para ti.
Só dicirte un "sempre te quereirei"

LIAN SARA GRACE IGLESIAS, S2C